

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA.

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO TOURIÑÁN III-2 (IN661A 2011/13-4).

UBICACIÓN: CONCELLOS DA ESTRADA, CUNTIS E CAMPOLAMEIRO (PONTEVEDRA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: GREENALIA WIND POWER TOURIÑÁN.

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 13 de maio do 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, acerca do documento do Estudo de Impacto Ambiental (agosto 2021, asinado o 29.10.2021) do parque eólico Touriñán III-2 e acerca da Separata de afeccións a bens dependentes desta Entidade (agosto 2021, asinado o 23.05.2022), de acordo co disposto no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, -segundo o cal a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, solicitando, a lo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial-, e en aplicación do regulado na sección 1ª do capítulo I da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Segundo se indica na documentación aportada, o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) ten como obxectivo identificar, predicir e previr as alteracións que potencialmente poderanse producir coa implantación do parque eólico Touriñán III-2 e a súa infraestrutura de evacuación sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a biodiversidade, a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, abarcando desde o inicio das obras ata a conclusión da explotación e o desmantelamento da actividade. Tamén, establece as medidas protectoras e correctoras que reduzan ou anulen as alteracións producidas, así como un programa de vixilancia ambiental que garanta o cumprimento das medidas anteriores.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto a enumeración e descrición das accións realizadas no proxecto deste parque eólico, co gallo de que Augas de Galicia determine as posibles afeccións aos cursos fluviais que xestiona.

Antecedentes

Segundo se indica na documentación aportada para a emisión deste informe, o parque eólico denominado Touriñán III-2 foi admitido a trámite na Resolución da Consellería de Economía e Industria do 20 de decembro de 2010, pola que se aprobaba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao amparo da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, cunha potencia de 24 MW.

Mediante Resolución do 22 de marzo de 2012, a xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a



aprobación do proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental das instalacións que comprendía o parque eólico Touriñán III-2 (IN661A 2011/13-4).

Asemade, completouse a tramitación ambiental referida ao dito parque e, polo tanto, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribuíu o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, formulou no sentido positivo e aos sos efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA), de data 24 de setembro de 2013, do proxecto do parque eólico Touriñán III-2 nos concellos da Estrada, Cuntis, Campolameiro e Cerdedo (Pontevedra), promovido pola empresa Beltaine Touriñán, S. L.

Con data 13 de decembro de 2019, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas outorgaba, mediante Resolución, a autorización administrativa previa e de construción para o parque eólico Touriñán III-2.

Posteriormente, autorizouse a transmisión da titularidade deste parque eólico en favor de Greenalia Wind Power Touriñán S. L. U.

Na documentación aportada tamén se indica que, ante a modificación considerable das condicións do mercado eléctrico, a aparición de nova tecnoloxía para maximizar o aproveitamento eólico e a imposibilidade de levar a cabo a alternativa de evacuación de enerxía deseñada no proxecto inicial autorizado, faise necesario o deseño dunha nova alternativa de evacuación, mediante unha subestación e unha liña eléctrica aérea que interconectarán a SET do parque eólico coa LAT SET Pico Touriñán – Tibo.

Todo elo conduce a que se presente ante o órgano substantivo, para a súa tramitación e autorización, o proxecto denominado "Proxecto do Parque Eólico "Touriñán III-2", nos termos municipais da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra)".

O órgano substantivo estableceu que as modificacións xurdidas e se inclúen neste novo proxecto respecto ao proxecto inicial son substanciais, polo que o proxecto debe someterse de novo ao trámite de avaliación ambiental.

Doutra banda, cómpre subliñar que, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 2 de setembro de 2021 acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o parque eólico Touriñán III-2 e, con base nos artigos 44 da mencionada Lei 5/2017, do 19 de outubro, e 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 17 de setembro de 2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu declarar a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes a este parque eólico.

Finalmente, o 1 de xuño de 2022, publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 104) a Resolución do 3 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Touriñán III-2, situado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/13-4).

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, (en diante RDPH).



- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de Augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o ***“Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico “Tourañán III-2”, en los términos municipales de Cuntis, A Estrada e Campo Lameiro (Pontevedra)”***, de agosto de 2021 (asinado o 29.10.2021), redactado por un equipo multidisciplinar da empresa “ACIVRO Medioambiente”, dirixido polo enxeñeiro de montes D. Sergio Quintanilla Murillas (nº Colexiado 3344) e que consta dunha Memoria, 15 Anexos e Planos. Os Anexos enuméranse a continuación: Anexo 1. Estudo da vexetación, hábitats naturais e flora protexida; Anexo 2. Estudo preoperacional de avifauna e quirópteros; Anexo 3. Informe preliminar sobre o lobo no entorno do PE Tourañán III-2; Anexo 4. Estudo de impacto e integración paisaxística; Anexo 5. Estudo de impacto turístico; Anexo 6. Estudo de impacto sobre patrimonio cultural; Anexo 7. Plan de restauración; Anexo 8. Plan de seguimento e vixilancia ambiental; Anexo 9. Reportaxe fotográfico; Anexo 10. Estudo do efecto pestanexo de sombras; Anexo 11. Estudo de afección electromagnética; Anexo 12. Estudo de vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes; Anexo 13. Resposta aos informes recibidos de diferentes organismos durante o trámite de avaliación ambiental; Anexo 14. Bibliografía e lexislación; Anexo 15. Características técnicas do aeroxerador. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).

Tamén, apórtase a ***“Separata Augas de Galicia del Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Tourañán III-2 en los términos municipales de A Estrada, Cuntis e Campolameiro (Pontevedra)”***, de agosto de 2021 e asinada o 23.5.2022 polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Lemus Ramos (nº Colexiado 1225) O documento inclúe unha memoria e planos. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).

A continuación describíense brevemente as características técnicas das obras do parque eólico segundo a documentación sometida a información pública.

Así, as obras do parque eólico Tourañán III-2 sitúanse nos termos municipais da Estrada, Cuntis e Campolameiro (provincia de Pontevedra), -dentro da Área de Desenvolvemento Eólico (ADE) “Tourañán-III”, segundo se indica na documentación aportada para informe.

A poligonal dentro da que se enmarca o parque ven definida polas coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) dos vértices que se indican a continuación:

Vértice poligonal	UTM-X	UTM-Y
1	541.205	4.716.024
2	541.806	4.715.820
3	541.871	4.715.084

Vértice poligonal	UTM-X	UTM-Y
4	541.337	4.713.350
5	540.475	4.712.900
6	539.935	4.713.927
7	540.165	4.714.373
8	539.989	4.714.651

Descríbense a continuación as características técnicas das instalacións:

O parque contará con 5 aerogeradores tripá de 5,00 MW de potencia unitaria, obténdose una potencia final de 24 MW (estando o aerogerador AE01 limitado a 4 MW). Os aerogeradores terán altura ata a buxa de 84 (AE01 e AE03) e 90 (AE02, AE04 e AE05) metros e un diámetro de rotor de 132 (AE01 e AE03) e 145 (AE02, AE04 e AE05) metros. Cada un deles estará equipado cun transformador elevador 30/0,69 kV no seu interior.

A localización dos aerogeradores proxectados será a especificada na seguinte táboa mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y
AE01	540.920	4.714.227
AE02	540.718	4.713.700
AE03	540.943	4.715.170
AE04	541.461	4.715.081
AE05	541.343	4.715.596

As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) que definen a localización da subestación son as seguintes:

Subestación (SET Touriñán III-2)	UTM-X	UTM-Y
SET Touriñán III-2	540.626	4.713.226

Outras características técnicas, recollidas no proxecto do parque e referidas na información pública, son:

- A rede de media tensión do parque, recollerá a enerxía xerada polos aerogeradores e transportarase ata a subestación colectora SET parque eólico Pico Touriñán III-2; estará formada polos seguintes elementos: 5 centros de transformación, grupo de conexión Dyn11 e tensión 30/0,69 kV localizados no interior dos aerogeradores; 2 liñas soterradas de 30 kV para conectar os aerogeradores entre si e coa subestación colectora do parque (circuíto nº 1 AE-03, AE-04 e AE-05 de lonxitude 4.746 m e circuíto nº 2 AE-01 e AE-02 de 1.734 m).

A rede de cables do parque eólico estará composta polo tendido de media tensión, baixa tensión e comunicacións; realizarase mediante condución en gabias cunha lonxitude total en planta de 4.171 m.



Terase tamén un condutor de cobre espido e sección 50 mm² no fondo das gabias para a rede de posta á terra.

- A enerxía deste parque eólico, así como a do parque eólico Rosa dos Ventos ingresarase á rede eléctrica nacional a través da subestación colectora Touriñán III-2 de 30/220 kV, polo tanto, a antedita subestación evacuará, ademais da enerxía xerada polo PE Touriñán III-2 de 24 MW, a xerada polo PE Rosa dos Ventos de 15 MW, facendo un total de 39 MW. Para esta posición de transformación instalárase un transformador 40/50 MVA ONAN/ONAF 30/220 kV.

Asemade, esta subestación servirá de transformación de 132 kV a 220 kV á enerxía procedente dos parques eólicos de Monte Arca cunha potencia total de 78 MW. Para iso, instalárase un transformador 64/80 MVA ONAN/ONAF 132/220 kV.

O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación estarán situados nun mesmo edificio. O sistema de control utilizará unha rede de fibra óptica que enlaza os aeroxeradores co servidor SCADA.

Esta subestación conectarase pola súa vez á liña xa existente LAT 220 kV SET Pico Touriñán-SET Tibo mediante unha nova liña aérea:

- Liña aérea a 220 kV (LAT 220 kV) de 54,03 m, e que estará constituída por dous circuítos trifásicos nos que se usará un condutor de aluminio-aceiro segundo UNE 50182 do tipo LA-280 (242-AL 1/39-ST1A). Disporá de dous apoios intermedios entre a subestación e a liña existente de entronque LAT 220 kV SET Pico Touriñán-SET Tibo (proxecto independente e autorizado). As coordenadas (UTM ETRS89, Fuso 29N) desta liña son:

Vértices liña aérea de alta tensión (LAT)	UTM-X	UTM-Y
Pórtico SET Touriñán III-2	540.642	4.713.195
Poste 1	540.653	4.713.179
Poste 2	540.669	4.713.149

Do mesmo xeito, a obra civil necesaria para a implantación das instalacións indicadas nos parágrafos anteriores, terá que incluír outras actuacións, -que se describen na documentación aportada para a emisión deste informe-, como son:

- As vías de acceso xeral ao parque e as vías de acceso aos aeroxeradores;
- As gabias para a implantación das liñas de media tensión en 30 kV de conexión dos aeroxeradores coa subestación eléctrica do parque;
- O resto de servizos e sistemas auxiliares como poden ser as canalizacións subterráneas, sistemas de posta a terra, cimentacións, etc.

Así, segundo se recolle no apartado 4.6 do Estudo de Impacto Ambiental aportado para a emisión deste informe, a obra civil proxectada pretende a adecuación das instalacións optimizando tanto o seu comportamento técnico como a calidade ambiental do ámbito, e inclúe:

- Accesos e vías interiores. Os accesos xerais ao parque realizaranse aproveitando ao máximo a rede de camiños existente na zona. Os camiños internos ás liñas de aeroxeradores e o acceso ao edificio de control adaptaranse o máximo á topografía, minimizando o movemento de terras. Para evitar a circulación da auga sobre o firme dos camiños e captar a escorrenta do terreo



construírase una cuneta de sección triangular non revestida que desaugará cara as liñas de drenaxe natural. Procurarase que as vías percorran en desmorte aberto na ladeira, evitando trincheiras e onde fora factible executaranse terrapléns, empregando produtos do desmorte para compensar volumes e reducir o transporte de terras a vertedoiro autorizado. En total, a lonxitude das vías a utilizar na instalación e explotación do parque será de aproximadamente 6.326 metros, dos cales 3.554 metros son de vías de nova execución e 2.772 metros corresponden ao acondicionamento de vías existentes. No apartado 4.6.1 do EIA defínense os condicionantes técnicos a cumprir por estas vías (sección tipo, xeometría da planta e do alzado) e no apartado 4.6.1.2. descríbense sen profundar as características do firme e dos movementos de terras a executar.

Tamén, no apartado 4.6.2 do EIA descríbese o sistema de drenaxe proxectado nesas vías que consiste en: Drenaxe lonxitudinal (o drenaxe da plataforma resólvese dotándoa de bombeo transversal do 2% tanto en recta como en curva; en tódolos tramos en desmorte executaranse cunetas triangulares cunha profundidade de 35 centímetros (noutros apartados do EIA e mesmo nos planos de drenaxe indícase que esta profundidade é de 50 cm.), -baixo a cota de apoio da saburra-, e naqueles con exceso ou defecto de pendente revestírase con formigón; a lonxitude total das cunetas estímase nuns 5.859 metros); Drenaxe transversal (proxéctanse obras de drenaxe transversal, -de diámetros 400, 600 e 1.200 mm.-, para o paso sobre pequenos leitos e para evacuar a escorrenta superficial sen que se produzan danos pola erosión). Tamén, no plano 5.4 do EIA e no plano 4 da Separata inclúense algún detalle de definición das obras de drenaxe transversal.

A este respecto cómpre indicar que no apartado 3.6 da memoria da Separata incorpórase a descrición e xustificación do dimensionamento das obras de drenaxe (lonxitudinal e transversal) do parque, -igualmente, no Anexo nº 2 do Proxecto de Execución inclúense os cálculos xustificativos dos elementos de drenaxe.

- Canalizacións para cableado e rede de terras (gabias de cableado). Descríbense no apartado 4.6.3 do EIA. A rede de cables do parque eólico, composta por tendidos de media tensión, baixa tensión e comunicación, realízase mediante conducións en gabias con tres niveis superpostos para o cableado. As gabias para aloxar o sistema colector do parque terán 1,20 metros de profundidade, cunha largura entre 0,60 e 1,00 metros. A lonxitude en planta das gabias que é necesario executar é aproximadamente de 4.628 metros. No plano 5.5 do EIA propóñense distintas seccións para as canalizacións subterráneas e no apartado 4.6.3.1 da memoria propóñense os distintos procedementos para executar os cruzamentos cos cursos fluviais, é dicir:
 - Nos cruzamentos de cableado con cursos de auga de certa entidade nos que exista una estrutura tipo ponte, empregarase una tubaxe de aceiro para encamisar o cableado que irá suxeito á estrutura da ponte (con ancoraxes e abrazadeiras), evitando a modificación da morfoloxía fluvial, -din que o empregarán sempre que sexa posible técnica e administrativamente.
 - Nas situacións nas que o cruzamento se produza entre un camiño existente e un curso fluvial de menor entidade entubado, realizarase una gabia para o paso do cableado por encima ou por debaixo da tubaxe existente.
 - Por último, sinalan que naqueles casos nos que as formas de actuación anteriormente descritas non sexan posibles, recurrirase á técnica de perforación horizontal dirixida, que evita a execución dunha gabia para enterrar o cableado eléctrico.



Para a entrada e saída de cables en cada aeroxerador construírse, xunto ao pedestal da torre, una arqueta que disporá de tapa metálica, e para as instalacións de posta a terra aproveitaranse as escavacións previstas para a execución da cimentación do aeroxerador.

- Cimentación de aeroxeradores. A cimentación da torre do aeroxerador consistirá nun pedestal metálico que se embebe nunha zapata de planta circular (profundidade da escavación: 3,60 m.; diámetro exterior da zapata: 21 m.; canto exterior da zapata: 0,5 m.; altura central da zapata: 3,0 m.; noiro da escavación: H:1/V:5). O pedestal, conformado co anel de aceiro de ancoraxe que queda embebido na zapata, encherase parcialmente de formigón. O pozo a escavar para a construción da cimentación será de planta circular e terá unas dimensións mínimas de 23,00 m. de diámetro e una profundidade de 3,60 m.
- Plataformas de montaxe e áreas de manobra. As áreas de manobra son zonas construtivas, auxiliares, coa finalidade de permitir os procesos de carga e descarga e ensamblaxe, así como do posicionamento de grúas para posteriores izados, dos diferentes elementos que compoñen o aeroxerador. No apartado 4.6.5 do EIA descríbense, en xeral, estas instalacións pero sen concretar o seu procedemento construtivo que pode ser moi sinxelo (despexe e desbroce e posterior "planchado" da superficie resultante mediante rolos compactadores) ou implicar movementos de terra de certa envergadura e, polo tanto, precisar dun estudo pormenorizado. Como regra xeral deberán poder soportar unha capacidade portante de 2 kg/cm². Neste caso, indican que elimínense das plataformas a zona de provisións das pas para minimizar a superficie afectada.
- Subestación e edificio de control. Os principais traballos de obra civil que require a construción da subestación e do edificio de control son: Movementos de terras (adecuación do terreo, explanacións e recheos necesarios); execución das vías de acceso e dos interiores da subestación; urbanización do terreo; execución dos sistema de drenaxes, abastecemento de auga e saneamento da instalación; execución das cimentacións; instalación de arquetas e execución de canalizacións para o paso de cables; etc.
- Liña eléctrica de alta tensión (LAT) de evacuación. A LAT require a realización dos seguintes traballos de obra civil: Execución das vías de acceso ata a zona de colocación dos apoios; movemento de terras para a execución das cimentacións e posta a terra dos apoios; baleirado de formigón nas cimentacións e canalizacións.

O EIA inclúe a identificación e valoración de impactos das obras e, tamén, da fase de explotación do parque sobre a hidroloxía resultando todos eles compatibles, segundo o dito documento.

No apartado 5.1.1.7 de hidroloxía do EIA indícase que na zona na que se localizarán as principais estruturas de proxecto do parque eólico, as vías de nova execución coa súa gabiá de cableado asociada, os aeroxeradores, e a subestación non se localiza ningún leito fluvial e polo tanto non se produce ningún cruzamento destas estruturas coa rede hidrográfica.

Tan só a vía existente que acondicionarase para acceder á zona na que se localizará a subestación, cruza en tres ocasións cursos de auga: en primeiro lugar, cruza o Regueiro Ponte dos Fornos, posteriormente cruza un curso de auga afluente de éste, e finalmente cruza o Rego de Laxe, afluente tamén do Regueiro Ponte dos Fornos.

No apartado 8.1 do EIA tamén se inclúe a descrición das medidas preventivas, correctoras e compensatorias para eliminar ou, cando menos, minimizar os impactos sobre o medio ambiente, entre as que se encontran as relativas á hidroloxía (apartado 8.1.7), tanto na fase de obras como na de explotación



e na de desmantelamento do parque. No apartado 8.3 inclúese o calendario de aplicación das medidas correctoras. E no apartado 9 do EIA incorpórase o Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental.

Doutra banda, no Documento nº 3 do EIA, Planos, incorpórase o plano nº 6: Hidroloxía, -neste obsérvase que a rede hidrográfica reflectida é similar á rede fluvial de detalle actualizada ao ano 2021 da que dispón Augas de Galicia (dispoñible na web <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>).

No apartado 3.2 da memoria da Separata de Augas de Galicia aportada enuméranse e descríbense brevemente as afeccións que consideran que poden causar as obras do parque aos cursos fluviais existentes no seu ámbito de implantación, as cales se resumen na táboa que se incorpora a continuación.

Nome afección na Separata	Punto (inicial/final)	Curso fluvial	Descrición	Coordenadas X (UTM ETRS89 H29)	Coordenadas Y (UTM ETRS89 H29)
Afección 1	1	Innominado	Tramo de vía dentro da zona de policía do leito innominado.	540.599	4.713.311
	2			540.482	4.713.400
Afección 2	3	Regato Moscallo	Tramo de vía dentro da zona de policía do regato Moscallo.	540.308	4.713.676
	4			540.194	4.713.767
Afección 3	5	Rego da Laxe	Cruce de vía co rego da Laxe.	540.158	4.713.999
Afección 4	6	Innominado	Cruce de vía cun leito innominado.	540.222	4.714.223
Afección 5	7	Regueiro Ponte dos Fornos	Cruce de vía co regueiro Ponte dos Fornos	540.245	4.714.561
Afección 6	8	Regueiro Ponte dos Fornos	Tramo de vía dentro da zona de policía do regueiro Ponte dos Fornos.	540.101	4.714.471
	9			540.389	4.714.724
Afección 7	10	Innominado	Tramo de vía dentro da zona de policía do leito innominado.	540.701	4.714.799
	11			540.776	4.714.703
Afección 8	12	Rego do Cubillón	Tramo de vía e parte da plataforma do aeroxerador AE01 dentro da zona de policía do rego do Cubillón.	541.034	4.713.991
	13			540.947	4.714.220

Estas afeccións tamén se recollen no plano nº 2 de Planta xeral da Separata.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

As obras do Parque Eólico Touriñán III-2 sitúanse nos termos municipais da Estrada, Cuntis e Campolameiro (provincia de Pontevedra) e dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE), no que se localizan as obras e as instalacións, son o número 3 "RÍO LÉREZ E RÍA DE PONTEVEDRA" e o número 4 "RÍO UMIA E RÍA DE AROUSA (MARXE ESQUERDA)".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia e, nalgúns casos, están afectados por estas, os seguintes cursos fluviais identificados no visor de Augas de Galicia (rede fluvial



de detalle do ano 2021): O río do Umia (253) e os seus afluentes e os tributarios destes, entre os que están o regueiro de Ponte dos Fornos (25302102) e o rego de Laxe (sen codificar); o rego de Maneses (273036) e os seus afluentes, entre os que está o rego de Moscallo (27303601); e o rego dos Calvos (273034) e os seus afluentes e os tributarios destes, entre os que está o rego do Cubillón (27303402).

O encoro existente máis próximo ás obras do parque e que podería resultar afectado por elas é: O encoro de Umia (ES.014.NR.253.000.02.00), a uns 2,5 km. ao norte das obras do parque.

Pódense consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Detállanse, a continuación as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións e os accesos a este parque proxectados, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada:

Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Domini o público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na documentación	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego do Cubillón (27303402).	Zona de policía	A Separata aportada identifica a afección (nº 8) á zona de policía do rego do Cubillón, producida por un tramo de vía e por parte da plataforma do aeroxerador AE01 (as coordenadas inicial e final do tramo, UTM ETRS89 H29, son X=541.034, Y=4.713.991 (punto 13) e X=540.947, Y=4.714.220 (punto 14)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral.	Afección á zona de policía do rego do Cubillón por parte da plataforma do aeroxerador AE01 aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.952, Y= 4.714.203) e (X= 541.000, Y=4.714.124). Voo das pas do aeroxerador AE01 en zona de policía aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X= 540.960, Y=4.714.279) e (X= 540.962, Y=4.714.177). Afección á zona de policía do rego do Cubillón pola vía de acceso aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 541.018, Y= 4.714.094) e (X= 541.034, Y=4.714.004).
2	Leito innominado (27303601).	Zona de policía	A Separata aportada identifica a afección (nº 1) á zona de policía dun leito innominado, producida por un tramo de vía (as coordenadas inicial e final do tramo, UTM ETRS89 H29, son X=540.599, Y=4.713.311 (punto 1) e X=540.482, Y=4.713.400 (punto 2)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía de acceso cara a subestación, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.600, Y=4.713.309) e (X= 540.481, Y=4.713.401). O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
3	Rego de Moscallo (sen codificar) tributario do rego de Moscallo (27303601).	Zona de policía	A Separata aportada identifica a afección (nº 2) á zona de policía do regato de Moscallo, producida por un tramo de vía (as coordenadas inicial e final do tramo, UTM ETRS89 H29, son X=540.308, Y=4.713.676 (punto 3) e X=540.194, Y=4.713.767 (punto 4)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral.	Afección á zona de policía do leito pola vía de acceso cara a subestación, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.310, Y=4.713.674) e (X= 540.192, Y=4.713.768). O leito presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
4	Rego de Laxe (sen codificar) tributario do regueiro Ponte	Zona de policía e cruce	A Separata aportada identifica a afección (nº 3) producida polo cruce da vía co rego da Laxe (as coordenadas do cruce, UTM ETRS89	Afección á zona de policía do rego de Laxe pola vía de acceso cara a subestación, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.094, Y= 4.713.922) e



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na documentación	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
	dos Fornos (25302102).		H29, son X=540.158, Y=4.713.999 (punto 5)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral. A memoria do EIA recolle o cruzamento dun leito afluente do regueiro Ponte dos Fornos.	(X= 540.093, Y= 4.714.128). Cruzamento do leito pola vía de acceso no punto de coordenadas do eixo (X= 540.158, Y= 4.714.000).
5	Leito innominado (sen codificar) tributario do regueiro Ponte dos Fornos (25302102).	Zona de policía e cruce	A Separata aportada identifica a afección (nº 4) producida polo cruce da vía cun rego innominado (as coordenadas do cruce, UTM ETRS89 H29, son X=540.222, Y=4.714.223 (punto 4)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral. A memoria do EIA recolle o cruzamento dun leito afluente do regueiro Ponte dos Fornos.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía de acceso cara a subestación, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.124, Y= 4.714.200) e (X= 540.259, Y=4.714.371). Cruzamento do leito pola vía de acceso no punto de coordenadas do eixo (X= 540.221, Y= 4.714.225). O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
6	Regueiro Ponte dos Fornos (25302102).	Zona de policía e cruce	A Separata aportada identifica a afección (nº 5) producida polo cruce da vía co regueiro Ponte dos Fornos (as coordenadas do cruce, UTM ETRS89 H29, son X=540.245, Y=4.714.561 (punto 7)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral. A memoria do EIA recolle o cruzamento do regueiro Ponte dos Fornos.	Afección á zona de policía do regueiro Ponte dos Fornos pola vía de acceso cara a subestación, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.292, Y= 4.714.429) e (X= 540.138, Y= 4.714.496). Cruzamento do leito pola vía de acceso no punto de coordenadas do eixo (X= 540.245, Y= 4.714.558).
7	Regueiro Ponte dos Fornos (25302102).	Zona de policía, zona de servidume e dominio público hidráulico	A Separata aportada identifica a afección (nº 6) á zona de policía do regueiro Ponte dos Fornos, producida por un tramo da vía (as coordenadas inicial e final do tramo, UTM ETRS89 H29, son X=540.101, Y=4.714.471 (punto 8) e X=540.389, Y=4.714.724 (punto 9)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral.	Afección á zona de policía do regueiro Ponte dos Fornos pola vía de acceso cara os aeroxeradores AE03, AE04 e AE05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.102, Y= 4.714.473) e (X= 540.390, Y= 4.714.724). Afección ao dominio público hidráulico e á zona de servidume deste regueiro polo terraplén de dita vía, aproximadamente no entorno do punto de coordenadas (X= 540.151, Y= 4.714.481).
8	Leito innominado (25302102).	Zona de policía	A Separata aportada identifica a afección (nº 7) á zona de policía dun leito innominado, producida por un tramo de vía (as coordenadas inicial e final do tramo, UTM ETRS89 H29, son X=540.701, Y=4.714.799 (punto 10) e X=540.776, Y=4.714.703 (punto 11)), no apartado 3.2. e nos planos de planta xeral. Tamén, nos planos de planta xeral desta Separata, gráfase o cruce desta vía cun curso fluvial, preto do punto 10.	Afección á zona de policía do leito pola vía de acceso cara os aeroxeradores AE01 e AE02, aproximadamente entre os puntos de coordenadas do eixo (X= 540.723, Y= 4.714.784) e (X= 540.765, Y=4.714.739).



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía ou Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na documentación	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
9	Sen identificar	-	Nos planos de planta xeral da Separata aportada gráfase o cruzamento dun curso fluvial ca vía de acceso cara os aeroxeradores AE01 e AE02 e coa gabiá de cableado, no entorno do punto de coordenadas UTM ETRS89 H29, X=540.650 e Y=4.714.843.	Non se detecta a afección.

Vista a afección (nº 7, segundo a táboa) á rede hidrográfica de detalle actualizada ao ano 2021, polo noiro do terraplén da vía de acceso cara os aeroxeradores AE03, AE04 e AE05, -en concreto, ás zonas de policía e servidume do regueiro Ponte dos Fornos (25302102) e, tamén ao dominio público hidráulico-, detectada unha vez feitas as comprobacións pertinentes mediante o Visor de Augas de Galicia-, advírtese que, con carácter previo a autorización das obras do parque por esta Entidade, o promotor da actuación deberá adoitar as medidas precisas para evitar a dita afección á zona de servidume e ao dominio público hidráulico dese curso fluvial.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha bacía de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais, unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces, optando, en todo caso, pola metodoloxía construtiva que cause a menor afección ao medio hídrico e ao seu entorno (por exemplo, mediante o emprego de técnicas de perforación mecánica dirixida). Nese momento procedementa poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Cómpre indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH deberase solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo



9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, no entorno das actuacións propostas no parque eólico localízanse as seguintes zonas protexidas que poden verse afectadas polas mesmas, -tanto as recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC actualmente vixente, así como nas zonas protexidas a nivel europeo, internacional, estatal ou autonómico.

ZONAS PROTEXIDAS PHGC	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
-	-	-	-
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL INTERNACIONAL	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
-	-	-	-
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL EUROPEO	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Zona sensible	Encoro da Caldas de Reis	ESR1218	A uns 6,6 km. ao noroeste do parque.
Zona de captación en zona sensible	-	ESCM1218	Parte do parque eólico implántase, na súa totalidade, nesta zona.
Zona de captación en zona sensible	-	ESCM626	Parte do parque eólico implántase, na súa totalidade, nesta zona.
Zona de interese piscícola	Umia	ES014PEAE29	A uns 2,6 km. ao noroeste do parque.
Zona de interese piscícola	Lérez	ES014PEAE30	A uns 5,2 km. ao sur do parque.
Zona de baño	Río Cabanelas Cotobade	ES11400012C36012C	A uns 9,7 km. ao sur do parque.
ZEC (humedais e corredores fluviais)	Río Lérez	ES1140002	A uns 5,3 km ao suroeste do parque.
ZEC (área de montaña)	Serra do Cando	ES1140014	A uns 9,7 km. ao sueste do parque.
Perímetro augas mineiro termais	Balneario Termas de Cuntis	ES014PAMT36044	A uns 5,2 km. ao noroeste do parque.
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL ESTATAL OU AUTONÓMICO	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
-	-	-	-

No apartado 5.1.1.7.4 da memoria do EIA refírese a implantación das instalación do parque sobre dúas zonas de captación de zonas sensibles, tal e como se recolle na táboa anterior: "(...)los aerogeneradores 01, 03, 04 y 05 sobre la codificada como ESCM1218 asociada a la zona sensible del Encoro de Caldas de Reis, y el aerogenerador 02 sobre la codificada como ESCM626 asociada a la zona sensible de la Ría de Pontevedra. (...)".

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, as máis próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras) son as seguintes:

NOM_ZPROT	Código	Coordenada X	Coordenada Y
MONTES DE CADAVO	ES014ZCCM000003258	540.556	4.715.036

No apartado 5.1.1.7.7. da memoria do EIA refírese a existencia da captación de auga para consumo humano denominada “(...)Montes de Cadavo, de tipo superficial y a unos 400 metros al Suroeste de la máquina 03, y a unos 160 metros al Norte del vial 05, (...)”.

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ámbalas dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberase incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a



execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.



O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación **non está afectado por ningunha ARPSI fluvial**.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia algunha a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscripción)	Coord. Y (Datum inscripción)
DH.A36.17267	Comunidade de usuarios	540.556	4.715.036
		540.194	4.715.023
		540.556	4.715.169
		540.306	4.715.159
		540.201	4.715.072

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte.

(...)

2. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

(...)

6. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de $T=500$ anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao Dominio Público Hidráulico.

(...).“

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia, segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH.

No apartado 4.7.8 do EIA sinálase que as “augas negras” procedentes do edificio de control proxectado conduciranse cara a unha fosa séptica estanca e que as augas pluviais evacuaranse a través da rede de drenaxes que se construírá. E no apartado 4.9.2 recóllese que o abastecemento de auga ao dito edificio realizarase a partir dun depósito propio. En ámbolos dous apartados, non obstante, exprésase que a instalación de lavabos e sanitarios realizarase unicamente cando sexa posible a conexión da instalación cunha rede pública de desaugue e abastecemento.

Por esta Entidade, cómpre lembrar que se fose preciso realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa,

E lémbrese, tamén, que, en todo caso, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Estudo de Impacto Ambiental e á Separata para Augas de Galicia do Parque Eólico Touriñán III-2 (24 MW)**, nos concellos da Estrada, Cuntis e Campolameiro (provincia de Pontevedra), no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe, - especialmente, a obriga do cumprimento da normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa no que atinxe ao dimensionamento das obras de drenaxe.

Asemade, lémbrese que con carácter previo a autorización das obras do parque por esta Entidade, deberanse adoitar as medidas precisas para evitar a afección, -no entorno do punto de coordenadas UTM ETRS89 Fuso H29, X=540.151, Y=4.714.481-, á zona de servidume e ao dominio público hidráulico do regueiro do Ponte dos Fornos polo noiro do terraplén da vía de acceso cara os aeroxeradores AE03, AE04 e AE05.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

